



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito: Lexislación turística

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Dereito: Lexislación turística | | | |
| Código | O04G240V01201 | | | |
| Titulación | Grao en Turismo | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 9 | FB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán Galego | | | |
| Departamento | Dereito privado Dereito público especial | | | |
| Coordinador/a | Siota Álvarez, Mónica Fernández Prol, Francisca | | | |
| Profesorado | de los Ríos Sánchez, Juan Manuel Fernández Prol, Francisca Siota Álvarez, Mónica | | | |
| Correo-e | msiota@uvigo.es franfernandez@uvigo.es | | | |

Web

| | |
|------------------|---|
| Descrición xeral | A disciplina Lexislación turística constitúe unha materia cuxa responsabilidade docente está atribuída actualmente a tres áreas de coñecemento: Dereito mercantil, Dereito laboral e Dereito financeiro e tributario. Mentres que o Dereito mercantil é unha pola xurídica que ten por obxecto regular a actividade económica constitutiva da empresa, o Dereito laboral é o conxunto de normas e institucións encargadas de regular a relación individual e colectiva de traballo e garantir unha protección mínima ao traballador asalariado e o Dereito tributario é unha disciplina que ten por finalidade o estudo da ordenación xurídica dos tributos. Acorde con esta formulación, o temario da materia divídese en tres grandes bloques de contidos. O primeiro aborda os aspectos básicos da lexislación e contratación mercantil aplicada ao turismo. O segundo bloque céntrase na ordenación das relacións laborais no sector turístico. Mentres que o terceiro bloque estuda as diferentes figuras tributarias que afectan ás empresas e usuarios de servizos turísticos. Deste modo, proporciónaselle ao alumno unha formación académica especializada e á vez útil para o seu futuro profesional, xa que se analiza dende unha tripla perspectiva xurídica (mercantil, laboral e tributaria) o sector do turismo. |
|------------------|---|

Competencias de titulación

| | |
|--------|--|
| Código | |
| A1 | Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos axentes económicos que interveñen no turismo e das relacións que se establecen entre eles. |
| A8 | Comprender e interpretar coñecementos ao respecto do marco legal que regula as actividades turísticas. |
| A13 | Comprender o comportamento das persoas en empresas turísticas e aplicar as técnicas e métodos de dirección de persoal |
| A14 | Avaliar alternativas de planificación, dirección e control de empresas turísticas, así como saber tomar decisións estratéxicas. |
| A27 | Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo. |
| A28 | Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado. |
| A29 | Capacidade para tornar un problema empírico en obxecto de investigación e elaborar conclusións. |
| B1 | Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos. |
| B2 | Compromiso ético |
| B4 | Iniciativa empresarial |

Competencias de materia

| | |
|---------------------------------|---------------------------------------|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---------------------------------|---------------------------------------|

Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos axentes económicos que interveñen no turismo e das relacións que se establecen entre eles. A1

Comprender e interpretar coñecementos ao respecto do marco legal que regula as actividades turísticas. A8

Comprender o comportamento das persoas en empresas turísticas e aplicar as técnicas e métodos de dirección de persoal. A13

Avaliar alternativas de planificación, dirección e control de empresas turísticas, así como saber tomar decisións estratéxicas. A14

Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo. A27

Capacidade para aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado. A28

Capacidade para tornar un problema empírico en obxecto de investigación e elaborar conclusións. A29

Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos. B1

Compromiso ético. B2

Iniciativa empresarial. B4

Contidos

Tema

Ordenación das relacións laborais no sector turístico: (*)

- 1.- Traballadores por conta allea: concepto.
- 2.- Contrato de traballo.
- 3.- Modalidades de contratación.
- 4.- Colocación e fomento do emprego.
- 5.- Tempo de traballo (especial referencia a xornadas especiais).
- 6.- Retribución no sector turístico.
- 7.- Suspensións e extincións.
- 8.- Prevención de riscos laborais.

Aspectos xurídico-mercantís do turismo: (*)

- 1.- Marco normativo privado do turismo.
- 2.- Turismo e dereito empresarial turístico.
- 3.- O empresario turístico.
- 4.- Os usuarios de servizos turísticos.
- 5.- A contratación mercantil aplicada ao turismo (nocións xerais e clasificación dos contratos turísticos).
- 6.- Tipos específicos de contratos turísticos.
- 7.- A contratación electrónica no sector turístico.
- 8.- A oferta turística complementaria.

Réxime tributario do sector turístico: (*)

- 1.- Clasificación e elementos esenciais das categorías tributarias.
- 2.- Os tributos estatais aplicables ao turismo (I): Imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre sociedades.
- 3.- Os tributos estatais aplicables ao turismo (II): Imposto sobre o valor engadido.
- 4.- Outros tributos que inciden no sector turístico.

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 13 | 33 | 46 |
| Presentacións/exposicións | 6.7 | 16.5 | 23.2 |
| Titoría en grupo | 5 | 5 | 10 |
| Sesión maxistral | 44 | 98 | 142 |
| Probas de resposta curta | 1.8 | 0 | 1.8 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 1 | 0 | 1 |
| Probas de tipo test | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

| Metodoloxía docente | |
|---|---|
| | Descrición |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Formulación, análise, resolución e/ou debate na aula dos supostos, problemas ou exercicios que se formulen. |
| Presentacións/exposicións | Exposición oral e/ou presentación escrita por parte dun alumno, ou grupo de alumnos, dun tema proposto. |
| Titoría en grupo | Atenderanse e resolverán dúbidas do alumno na aula respecto dos contidos da materia ou actividades que se propuxesen para adquirir as competencias perseguidas. |
| Sesión maxistral | Exposición dos contidos da materia. |

| Atención personalizada | |
|---|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Titoría en grupo | Atenderanse e resolveranse dúbidas do alumno respecto dos contidos e/ou actividades ou exercicios que se propoñan para adquirir as competencias perseguidas. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Atenderanse e resolveranse dúbidas do alumno respecto dos contidos e/ou actividades ou exercicios que se propoñan para adquirir as competencias perseguidas. |

| Avaliación | | |
|---|--|---------------|
| | Descrición | Cualificación |
| Probas de resposta curta | Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder de xeito directo e breve sobre a base dos coñecementos que teñen sobre a materia. | 60% |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Probas nas que os alumnos deben solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios, realizar probas tipo test, realizar e/ou expoñer un traballo sobre un tema determinado nun tempo/condicións establecido/as polo profesor, etc. | 40 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Primeira oportunidade de exame

- 1.- Ao inicio do curso, o/a alumno/a deberá manifestar a súa intención de acollerse ao sistema de avaliación continua. A tal fin, os/as profesores da materia proporcionaránlle un documento que o/a alumno/a deberá cumprimentar e asinar nun determinado prazo.
- 2.- O/a alumno/a que se acolla ao sistema de avaliación continua, entregando o documento sinalado, será avaliado consonte os criterios máis arriba indicados (distintas probas ao longo do curso -40% da calificación- e proba final obxectiva -60%) e non terá dereito a ser avaliado mediante exame final que represente o 100% da calificación da materia.
- 3.- O/a alumno/a que non asine dito documento non terá dereito a ser avaliado consonte ao sistema de avaliación continua. Avaliarase mediante unha proba final obxectiva que representará o 100% da súa calificación final.

Segunda oportunidade de exame

- 1.- No exame de xuño/xullo só se realizará unha proba final obxectiva. Aos alumnos que se someterán ao sistema de avaliación continua conservaráselle a nota de dito sistema. Isto è, se o/a alumno/a non aprobase a materia na primeira oportunidade de exame, conservaráselle a nota do proceso de avaliación continua en xuño/xullo. Pero se non aprobase a materia nos dous citados exames do curso académico, pasando a outro diferente, tería obrigatoriamente que someterse de novo ao proceso de avaliación continua e realizar a proba final obxectiva.

Exame fin de carreira

Para o exame de fin de carreira non se conservará a cualificación de avaliación continua. O exame consistirá nunha proba final obxectiva que que representará o 100% da súa calificación final.

NOTA IMPORTANTE: Para aprobala materia, o/a alumno/a deberá superar cada un dos tres bloques temáticos nos que se divide aquela. Ademais, a cualificación final correspondente a cada un destes bloques temáticos calcularase tendo en conta a obtida nas probas finais obxectivas e a correspondente ao sistema de avaliación continua -pero para que poidan compensarse entre sí ámbalas dúas calificacións será preciso obter unha puntuación mínima de 3 sobre 10 na proba final obxectiva-.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2014-2015.

Bibliografía. Fontes de información

Para o temario correspondente a aspectos xurídico-mercantís do turismo:

(Atendendo ás posibles modificacións legislativas que poidan xurdir ao longo do desenvolvemento do curso académico, e coa finalidade de transmitir os contidos indicados de forma actualizada, podería aconsellarse o manexo doutros textos legais, non comprendidos no compendio recomendado, e que se indicarán puntualmente).

- BARBA DE VEGA, J. e CALZADA CONDE, A.: *Introducción al Derecho Privado del Turismo*, Última ed., Aranzadi.

- SANCHEZ CALERO, Fernando: *Principios de Derecho Mercantil*, Última ed., Thomson-Aranzadi.
- VELASCO PORTERO, T. (Dir.) e NÚÑEZ-CORTÉS CONTRERAS, P.: *Derecho del Trabajo y de* -MARTÍN VALVERDE, A., RODRÍGUEZ-SAÑUDO GUTIÉRREZ, F. e GARCÍA MURCIA, J.: *Derecho del Trabajo*, Tecnos, última edición.
- FERREIRO LAPATZA, J.J.: *Curso de Derecho Financiero Español. Instituciones*, Última ed., Madrid-Barcelona: Marcial Pons.
- LASARTE, J., ADAME, F., MARTÍN, J. e RAMOS, J.: *La financiación de los municipios turísticos*, Granada: Comares, 2003.
- TEJERIZO LÓPEZ, J.M., MARTÍN DÉGANO, I. e RUIZ GARIJO, M.: *Especialidades fiscales del turismo (Addenda)*, Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia, 2004.

Recomendacións**Materias que continúan o temario**

Fiscalidade de empresas turísticas/O04G240V01601

Dereito turístico laboral e internacional/O04G240V01906
